

ARDĒN
mondra

Mondra pendura o cartel de entradas esgotadas na Sala Capitol para a FOLIA das ARDENTES, o espectáculo no que presentará ARDĒN

A posta de largo do álbum debut do cantareiro e bailarador terá lugar este venres, 29 de setembro, a partir das 21.30 horas, e contará coa participación de Aida Tarrío, Berto, Coro Encaixe, Fillas de Cassandra e DJ Celulite



ARDĒN, 26 de setembro de 2023.- Santiago de Compostela prepárase para acoller este venres 29 a FOLIA das ARDENTES, unha experiencia musical, visual e performativa na que **Mondra** dará a coñecer, publicamente, o seu álbum debut, ARDĒN. Na cita, que terá lugar na Sala Capitol a partir das 20.30 horas, o cantareiro e bailarador estará acompañado de convidadas especiais, como **Aida** (Tanxugueiras), **Fillas de Cassandra**, **Coro Encaixe e Berto**, produtor do disco. Logo da finalización do espectáculo, no que Mondra revisará éxitos como PUNHETA! ou RUANDO, chegará a PosFOLIA da man da **DJ Celulite**. As entradas para esta FOLIA especial, de gran formato, xa están esgotadas.

ARDĒN, o álbum debut de Mondra, está dispoñible desde o pasado 20 de setembro **nas principais plataformas dixitais** e en formato CD de edición limitada e única. Trátase dunha proposta ambiciosa, luminosa e reflexiva ao tempo; que salienta pola súa marcada identidade así como pola rebordante dimensión electrónica dun proxecto que dialoga, desde a contemporaneidade, coa música tradicional galega.

Conceptualmente, **ARDĒN** é unha celebración, un apoderamento da liberdade. E este espazo libertario de Mondra alcanza a súa máxima expresión na **FOLÍA**, tal e como expresa o artista no Manifesto **ARDENTE** que acompaña o LP. "Fomos sepultadas, para furar dende o chan. Para, despois de todo, volver facer da **FOLÍA** un espazo onde troupelear. Onde rir as penas e chorar as alegrías. Porque hai en **ARDĒN** unha rosa seca e espiñada que, na **FOLÍA**, reverdece".

Deste xeito, a Sala Capitol será testemuña dunha gran **FOLÍA das ARDENTES**. Será un espectáculo contemporáneo e performativo, cun estilismo e unha iluminación moi cuidadas, no que a danza ocupará un papel central. Ás 20.30 horas terá lugar a apertura de portas e, ás 21.30 horas, o antareiro e compositor subirá o escenario. Durante máis dunha hora, Mondra porá de manifesto, coa súa música e ante un recinto ateigado, por que é unha das figuras máis destacadas do novo panorama creativo do país.

MONDRA

Artista, cantareiro e bailador, Mondra é un dos nomes máis frescos e prometedores da nova escena musical galega. Tras actuar este verán nalgunhas das principais citas da música ao vivo en Galicia, como o Festival da Luz, o Agrocuir, o Festival Revenidas ou o Canteira Fest, este outono presenta **ARDĒN** (Altafonte Music Spain, 2023) o seu primeiro traballo discográfico.

ARDĒN é unha proposta que celebra e reclama, que cuida e berra, e abre a porta a unha terra diversa ateigada de liberdade, afectos e apoderamento. Producido por Berto, conta coa colaboración de artistas como Aida, Brassica Rapa ou Fillas de Cassandra.

CONTACTO DE PRENSA MONDRA

The Office Comunicación | prensa@theofficeco.es

Lucía Pita (675 404 321) e Luisa Castiñeira (620 113 155)

Kit de prensa ARDĒN

<https://www.dropbox.com/sh/ciqxytr3fjr8bz/AACPfHdtgSLJJUA-P2Umc4cya?dl=0>